

## BASES DO SERVIZO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021

### ARTIGO 1.- CONCEPTO

Os campamentos de verán son unha oferta lúdica e formativa de desenvolvemento persoal concibida para, de xeito progresivo, dotar a nenos/as e mozos/as das ferramentas precisas para lograr a súa autonomía e independencia fomentando a convivencia, a cooperación, o respecto e un xeito de vida saudable ao tempo que o achegamento ao medio natural, ao deporte e a cultura.

A situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, fai que os campamentos se deban adaptar ás novas necesidades, polo que se deberán ter en conta medidas de prevención tales como a redución de ratios, aumentar as labores de limpeza e desinfección, determinar os equipos de protección para monitores/as e usuarios/as e redefinir as actividades que se poderán levar a cabo sen risco de contaxios.

O servizo de campamentos de verán 2021 desenvolveranse con prazas reducidas tendo en conta e respectando as recomendacións da normativa de seguridade e saúde en vigor.

DESTINATARIOS	DESTINO	DATAS	Nº PRAZAS
5º 6º Infantil	Granxa Escola Fervenzas do Toxa (Silleda)	28 – 30 de xuño	25
1º Primaria	Granxa Escola Corazón de Carballo (Tomiño)	19 – 21 xullo	30
2º Primaria	Granxa Escola Corazón de Carballo (Tomiño)	22 – 24 xullo	30
3º Primaria	Galipark (Padrón)	12-15 xullo	30
4º Primaria	Naturmaz (Mazaricos)	5-8 xullo	24
5º Primaria	Ecoalbergue Alvarella (Fragas do Eume)	28 xuño-3 xullo	25
6º Primaria	Camping Praia O Terrón (Vilanova Arousa)	6-11 xullo	30
1º-2º ESO	Residencia Abrente (Portonovo - Sanxenxo)	11-17 xullo	40
3º ESO-2º BACH.	Camping Praia América (Nigrán)	4-10 xullo	30
6-14 anos	Granxa Escola El Kirico (Fornelos de Montes)	29 agosto-3 setembro	40
DESTINATARIOS	CAMPAMENTOS URBANOS	DATAS	Nº PRAZAS
6 – 16 ANOS	Aula da Natureza de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00 h	28 de xuño – 9 de xullo	25
6 – 16 ANOS	Aula da Natureza de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00 h	12 – 23 xullo	25
6 – 16 ANOS	aula da natureza de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00 h	26 – 30 de xullo	25

**Tódolos campamentos contan con servizo de autobús**

**O número mínimo de prazas para levar a cabo as actividades será do 50% das ofertadas.**

## **ARTIGO 2.- DESTINATARIOS**

Este servizo está dirixido ás etapas de Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato.

### **Condicións para solicitar o servizo:**

- Usuarios/as empadroados/as no Concello de Ames.

De existir máis prazas que solicitudes poderán acceder ao servizo:

- Usuarios/as que non estando empadroados/as, están matriculados/as nun centro educativo de Ames ou os seus pais traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da preinscrición).
- Usuarios/as non empadroados/as.

### **IMPORTANTE**

**A documentación do Programa de Campamentos de Verán 2021 poderá obterse na páxina web [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) e de xeito excepcional poderán recollese previa cita nas Oficinas Municipais de Medio Ambiente e de Mocidade.**

## **ARTIGO 3.- PREINSCRICIÓN**

Ábrese un prazo de preinscrición **do 26 de abril ao 3 de maio.**

A preinscrición para este servizo realizarase mediante correo electrónico:

Campamentos Infantil e Primaria: [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal)

Campamentos Secundaria e Bacharelato: [omix@concellodeames.gal](mailto:omix@concellodeames.gal)

**De selo caso**, coa finalidade de establecer a orde de **prioridade**, deberase axuntar un informe do centro de estudos ou certificado da empresa para os/as nenos/as que non estando empadroados/as, están matriculados/as nun centro educativo de Ames ou os seus pais traballan no termo municipal.

**De selo caso**, coa finalidade de acceder aos **beneficios fiscais** (artigo 9 destas bases), deberase axuntar a documentación específica que acredite a condición de emerxencia social (mediante informe dos servizos sociais do concello), a condición de familia numerosa de categoría especial ou a de familia de especial consideración.

**De selo caso** coa finalidade de solicitar praza no mesmo campamento para varios fillo/as e sempre e cando se desexe ter garantida praza para todos/as ou ningún deberá indicalo no apartado **-papeleta única no sorteo-** e realizando unha preinscrición por cada menor.

No caso excepcional de ter que realizarse a preinscrición de forma presencial, farase mediante cita previa (Tel: 881 074 710 / 881 074 711) no:

- Rexistro Xeral. Casa do Concello, Bertamiráns.
- Rexistro das Oficinas Municipais do Milladoiro.

**Código de solicitude.**- Unha vez recibida a preinscrición o departamento correspondente enviaralle o seu código de solicitude, a través do cal poderá comprobar a situación da persoa inscrita.

**Non se admitirán solicitudes fóra dos prazos establecidos.**

#### **ARTIGO 4.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS**

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a lista provisional de admitidos/as o **6 de maio** na páxina web municipal e nos taboleiros oficiais do concello, sobre a que se poderán facer as alegacións oportunas. A publicación da lista definitiva será o **12 de maio**.

#### **ARTIGO 5.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- Se o número de prazas solicitadas supera ás ofertadas, a adxudicación realizarase mediante **sorteo público** no que se seguirán as premisas de prioridade expostas nestas bases. O sorteo terá lugar o día **18 de maio** no salón de plenos da Casa do Concello. Mediante o mesmo cubriranse as prazas nas distintas actividades, e tamén dará lugar a unha lista de agarda para cada un dos campamentos sorteados. O resultado e a lista de agarda publicarase o **19 de maio**.

#### **ARTIGO 6.- LISTA DE AGARDA E CHAMAMENTO**

As vacantes que se produzan serán ofertadas aos solicitantes seguindo a orde da lista. Realizaranse tres chamadas entre as 9h e 14h aos números que se facilitaron na preinscrición. De non ter resposta do/a interesado/a nun prazo de 24 horas, este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte da lista. Recibida a comunicación e aceptada a praza, procederase á efectuar a matrícula e o pagamento.

## ARTIGO 7.- MATRÍCULA

Ábrese un prazo de matrícula **do 19 de maio a 4 de xuño**.

### Documentación a presentar:

- Impreso de matrícula debidamente cumprimentado.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Certificado médico (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida).

Presentarase preferiblemente a través do **rexistro telemático** na sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal>) ou no rexistro de calquera administración pública adherida á plataforma de intercambio rexistral (SIR).

Excepcionalmente, e con cita previa, poderá entregarse nos rexistros do concello en horario de 9h a 14h, sempre con CITA PREVIA (Tel: 881 074 710 / 881 074 711).

## ARTIGO 8.- PAGAMENTO (AUTOLIQUIDACIÓNS)

O pagamento poderá fraccionarse en dous prazos (50 % do custe cada un) segundo o sinalado no impreso de preinscrición.

Os impresos para facer efectivo o pagamento, (autoliquidación), enviaránselle ao correo electrónico facilitado na preinscrición a tal efecto. Estes documentos indicarán os prazos nos que debe realizarse o abono.

Excepcionalmente poderá solicitarse o impreso de pagamento de xeito presencial en:

- Oficina de Recadación de Milladoiro (Rúa Viorneira, nº6).
- Oficina de Recadación de Bertamiráns (Praza Horta de Abaixo, nº6). Tamén en horario de tarde os luns e mércores (de 16:15h a 18:30h).
- A través do correo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com)

En caso de dispor de Certificado Dixital ou DNI electrónico poderá descargar a autoliquidación a través do enlace “Oficina Virtual Tributaria” que figura na web municipal ([www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)) ou a través da banca electrónica de ABANCA.

De non aboar o importe do campamento nos prazos establecidos, considerarase baixa inmediata no servizo sen posibilidade de recuperar os importes aboados, agás causa xustificada.

## ARTIGO 9.- BENEFICIOS FISCAIS

Establécense exencións e bonificacións ás cotas para os/as usuarios/as do programa:

- **Exención do 100% da taxa:** nos casos de emerxencia social, que contén con resolución do Concello de Ames, tendo en conta o previsto no artigo 11.7 da Ordenanza Fiscal Xeral

de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames e o regulamento de emerxencia social do concello.

- **Bonificación do 50% da taxa:** para familias numerosas de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- **Bonificación do 20% da taxa:** para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial citadas no punto anterior), de acordo coa definición e requisitos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Á excepción do indicado para o caso das emerxencias sociais, será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes de pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

As bonificacións reguladas neste artigo son incompatibles entre si.

## **ARTIGO 10.- RENUNCIA A PRAZA E DEVOLUCIÓN DA TAXA**

No caso de que, por algún motivo xustificando, tivese que renunciar á praza, presentará instancia a tal efecto a través da sede electrónica ou presencialmente no rexistros municipais.

As cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado/a. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

### Información xeral

#### Campamentos de Verán 2021 Concello de Ames

➔ Concellaría de Medio Ambiente. Casa da Cultura, 1º Andar. Praza de Chavián.  
Tel. 660.004.665. [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal)

➔ Concellaría de Mocidade. Casa do Concello (luns, mércores e xoves) e Casa da Cultura de Milladoiro (martes e venres).  
Tel. 616.083.229. [omix@concellodeames.gal](mailto:omix@concellodeames.gal)